



IV CERTAME LITERARIO: “Relatos de auga intelixente”

BASES O CERTAME

O IV Certame Literario de VIAQUA ten como obxectivo contribuír á difusión da cultura da auga en todas as cidades e municipios nos que Viaqua presta servizo, así como fomentar a participación activa dos xoves no uso sostible da auga e o coidado do medio ambiente a través da literatura.

Participantes

- Poderán presentarse persoas de calquera nacionalidade, con lugar de residencia en España entre as idades de 12 e 17 anos, que cursen estudos en centros educativos ou de Formación Profesional ubicados nos municipios nos que a empresa presta o seu servizo de subministro de auga.
- Se establecerán dúas categorías: unha para alumnos da E.S.O. e outro para Bacharelato/FP.
- Cada autor/a poderá presentar un máximo dun microrrelato inédito escrito en lingua castelán, ou en galego.

Requisitos que deben reunir os relatos curtos

- A extensión do microrrelato non poderá ser superior a 200 palabras con espazos.
- Deberá estar escrito en ordenador, para o seu envío por correo electrónico.
- A temática ten que estar referida á importancia da auga na sociedade e na vida, o uso responsable e o coidado do medioambiente, así como á percepción que os participantes teñen do concepto cidade intelixente e auga intelixente, atendendo ao título do certame.
- Se valorará ou terá en conta a utilización de alo menos catro das seguintes palabras/expresións: auga, medioambiente, nivel do mar, contaminación, consumo, compromiso, cidade intelixente, auga intelixente.
- Se valorará ou terá en conta a presenza no relato curto dalgunha sinal de identidade da cidade do participante, así como o coidado da gramática e da ortografía.

Prazos do Certame

- Antes do 31 de decembro de 2017 deberán estar entregados os relatos curtos. Os premios aos gañadores se entregarán na semana do DMA 2018.



Envío das obras:

- Os participantes poderán enviar os sus relatos curtos vía correo electrónico, para o que será preciso enviar un email indicando o asunto “Certamen Literario Relatos de agua inteligente” á dirección certamenliterario@viaqua.gal ao que se adxuntará o relato como documento de texto (MS Word) baixoseudónimo, indicando o título do mesmo. Se adxuntará así mesmo outro documento donde consten ademáis doseudónimo, o título da obra, os datos específicos do autor/a segundo a seguinte táboa:

Nome:	
Apelidos:	
Idade:	
Curso:	
Centro de estudos	
Municipio do centro:	
Nai/pai/tutor:	
Teléfono de contacto:	
Correo electrónico:	

- A presentación dos traballos supón a aceptación íntegra e incondicionada das bases do Certame polos participantes, así como a autorización dos mesmos para a publicación do relato por parte de Viaqua ou calquera das empresas do eu grupo empresarial sen que eles xenere a favor dos autores dereito a percibir contraprestación algunha salvo o que puidera resultar das presentes bases.

Aceptación implícita das bases

- O feito de participar neste certame implica a total aceptación e conformidade coas bases, así como o fallo inapelable do xurado.

Xurado e determinación dos gañadores

- O xurado cualificador do IV Certame literario estará designado polos organizadores entre persoas vinculadas á creación literaria, o xornalismo, e ao ámbito da auga no territorio no que está presente Viaqua.
- O xurado se reserva o dereito de non admitir no Certame aqueles relatos curtos que atenten contra os dereitos á intimidade, á honra e á propia imaxe, ou que conteñan, connotacións racistas, sexistas e /ou discriminatorias, comentarios obscenos, lascivos, difamatorios ou calesquera outros que atenten contra a dignidade de terceiros, contra a moral e/ou contra a orde pública, ou que vulneren dereitos de autor, de propiedade intelectual, ou de terceiros.



Selección de relatos curtos

- O xurado seleccionará tres relatos finalistas, entre os cales se encontrará o traballo gañador do certame. O xurado se reserva o dereito de outorgar un accésit ou deixar o premio deserto si a calidade das obras o requirise.

Comunicación a los finalistas

- Os organizadores do Certame comunicarán vía telefónica e/ou email aos finalistas o fallo do xurado e lles proporcionarán as instrucións pertinentes para celebrar a entrega de premios.

Entrega de Premios

- Premio: A persoa que resulte gañadora en cada unha das categorías do III Certame Literario das sociedades recibirá un iPad mini, e o segundo un e-book. Ambos recibirán un lote de libros de temática vinculada a agua e o medio ambiente a determinar pola empresa.
- O centro educativo que presente maior número de relatos recibirá un premio ou mención especial a determinar pola empresa.
- O gañador, así como os finalistas se publicarán na sección de noticias das páxinas web das empresas participantes.

Gala de entrega de premios

- Se celebrará unha gala de entrega de premios no municipio dos gañadores de cada categoría durante a semana do 22 de marzo de 2018 (Día Mundial da Auga).
- O lugar de celebración está aún por determinar (se determinarán unha vez identificados os gañadores).
- A organización se reserva o dereito a publicar nunha edición especial unha selección dos relatos curtos presentados ás diversas edicións do concurso, sin devenir por elo dereitos de autor.

Protección de datos personais (LOPD)

- Os datos recabados serán tratados de conformidade coas bases do concurso, e teñen como único obxectivo contactar con aqueles que resulten premiados. Si ben, de conformidade coas normativas afectas de protección de datos personais, todos os datos subministrados pasarán a formar parte dun ficheiro automatizado responsabilidade de cada empresa, coa finalidade de xestionar correctamente o concurso e cumprir coas finalidades especificadas nas presentes bases.
- O exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición se levarán a



cabo conforme á normativa vixente, para o que se deberá remitir un escrito dirixido á persoa de "Responsable de Seguridad LOPD de ViAQUA Gestión Integral de Aguas de Galicia SAU" áa seguinte dirección: Rúa do Villar 18, 15705 Santiago de Compostela, adxuntando copia de documento que acredite a identidade do solicitante.

Resolución de incidencias.

- Todas as incidencias non previstas nestas bases serán resoltas polo xurado e os organizadores do certame.
 - o Para resolver calquera consulta sobre as presentes bases, estamos á súa disposición nos seguintes números de teléfono de luns a venres en horario de 08.00 a 14.00 horas, e de 15.30 a 18.00 horas: 981 52 53 23.

Exención de responsabilidade

- Viaqua e todas as sociedades dos seu Grupo empresarial convocantes deste certame, quedan exoneradas de toda responsabilidade derivada de calquera incumprimento dos participantes en materia de dereitos de autor, propiedade intelectual, industrial ou de imaxe, así como de calesquera outras responsabilidades que pudesen derivarse do incumprimento ou cumprimento defectuoso destas bases, ou de normas legais aplicables, polos participantes no Certame.